

DOMINGO 2 CORESMA Ciclo B

PRIMEIRA

Xen 22, 1-2. 9a. 10-13. 15-18

Sacrificio do noso patriarca Abraham

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA XÉNESE

Deus puxo á proba a Abraham, chamándoo: -"¡Abraham!"

El respondeu: -"Aquí estou".

Deus mandoulle: -"Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ao país de Moriah. Alí ofrecerásmo en sacrificio, no cumio dunha das montañas que eu che mostrarei".

Chegados ao lugar que Deus dixera, tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificar o seu fillo.

Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo: -"¡Abraham! ¡Abraham!"

El respondeu: -"Aquí estou".

O anxo dixo: -"Non poñas a man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negaches o teu fillo, o único que tes".

Abraham ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo.

O anxo do Señor chamou a Abraham outra vez desde o ceo: -"Xúroche por min mesmo -palabra do Señor- que por faceres isto e non me negares o teu fillo, o único que tes, bendicireite e farei crecer os teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar. Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. Todos os pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me teres ti obedecido".

SALMO RESP. Sal 115, 10 e 15. 16-17. 18-19

R/ (Sal 114, 9): Andarei diante do Señor, no país dos vivos

Confío, aínda que diga:

- "Eu son un desgraciado".

Moi custosa é aos ollos do Señor
a morte dos seus amigos.

¡Ai, Señor, que eu son o teu servo,
servo teu e fillo da túa serva,
a quen ti rompiches as cadeas!
Ofrézoche sacrificios de louvanza,
invocando o nome do Señor.

Cumprirei os meus votos ao Señor,
á vista de todo o seu pobo,
nos adros da casa do Señor,
no medio de ti, Xerusalén,

SEGUNDA

Rm 8, 31b-34

Deus non escatimou ao seu propio Fillo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Se Deus está connosco, quen contra nós? Aquel que non aforrou a seu propio Fillo senón que o entregou por todos nós, cómo non nos vai regalar todo xunto con El?

Quen acusará aos escolleitos de Deus? -Sendo Deus o que perdoa, quen os vai condenar? Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?.

DOMINGO 2 CORESMA Ciclo B

EVANXEO

Mc 9, 2-10

Éste é o meu Fillo benquerido

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Colleu Xesús a Pedro, Santiago e Xoán, e subiu con eles sos ao coto dun monte. Alí transfigurouse na súa presenza. Os seus vestidos viráronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar. Nisto apareceron Elías e máis Moisés, e estaban a falar con Xesús. E Pedro, tomando a palabra, díxolle a Xesús:

-¡Mestre, que ben estamos aquí! Imos facer tres tendas: unha para ti, outra para Elías e a outra para Moisés.

Tan asustado estaba, que non sabía o que dicía. E unha nube cubriunos coa súa sombra, mentres saía dela unha voz:

-Este é o meu fillo benquerido, escoitádeo.

E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, fora de Xesús. Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada ata que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos. Eles colleron ben o aviso; pero empezáronse a preguntar uns a outros o que quería dicir aquilo de "cando resucite de entre os mortos".